


## NÚCLEOS DE XACINTO ACUÁTICO DETECTADOS NOS ÚLTIMOS ANOS EN GALIZA (Listaxe non exhaustiva)

- O 27 de maio de 2010 localizouse un pequeno núcleo nunha pía con auga nun pazo do concello de Meaño, que se eliminaría posteriormente tras o aviso da perigosidade da mesma por parte dun membro de ADEGA (C. D. Romay).
- Anos 2011 e 2012, chegada de propágulos arrastrados por correntes mariñas cara ás praias do arquipélago das Cíes, Vigo, segundo [figura na prensa](#). Tamén nas mesmas datas se detectou na praia da Lanzada, entre os concellos do Grove e Sanxenxo (Emilio Martínez Sabarís, com. pers.).
- O 5 de decembro de 2015, Ramsés Pérez detéctaa en [Bouzas](#), Vigo.
- O 14 de xaneiro de 2018 [Jonathan Antúnez](#) obsérvaa no [Monte de Alba](#), Valadades, Vigo.
- O 1 de abril de 2018, Luis Miguel Vaca Cubero localizou un pequeno núcleo [no rego de Trabecen Vilaboa](#), en Culleredo. O 5 de agosto de 2020, volve ser vista por outras persoas (incluíndo [Xandro García](#)) e tamén en novembro de 2022, por Cosme Damián Romay. Ver FOTO 4.
- O 9 de novembro de 2021 Ramsés Pérez detecta un núcleo preto do [peirao de Santa Cristina](#), concello de Vilaboa. Ver FOTO 1.
- O 7 de agosto de 2018, Emilio Martínez Sabarís detecta masas esparexidas na beira da lagoa das Cachadas, Rouxique, Sanxenxo. Ver FOTO 2.
- O 16 de xullo de 2022 C. D. Romay localiza un pequeno núcleo nun xardín particular na praia da Aguiéira, Porto do Son, con coordenadas 42.738, -8.973.
- O 31 de outubro de 2022 milleiros de fragmentos de xacintos acuáticos chegaron por arribazón ás praias das illas Cíes, segundo recolle a prensa [cunha fotografía](#).
- Os días 1 e 2 de novembro de 2022, aparecen tamén fragmentos desta especies en praias dos concellos de Ribeira e Boiro, segundo [recolle a prensa](#).
- O 6 de novembro de 2022 a praia da Lanzada, no Grove, amenceu con varias toneladas de fragmentos de xacinto acuático, mesturada con lixo de produtos de orixe (maioritariamente) portuguesa (Emilio Martínez Sabarís, com. pers.) Ver FOTO 3.

## FOTOS



**Foto 1.** Xacinto acuático en flor, fotografado o 9 de novembro de 2021 preto do peirao de Santa Cristina, concello de Vilaboa. Foto: Ramsés Pérez/inaturalist.



**Foto 2.** Aspecto das masas esparexidas na beira da lagoa das Cachadas, Rouxique, Sanxenxo, con data 7 de agosto de 2018. Foto: Emilio Martínez Sabarís.



**Foto 3.** Arribazón de toneladas de xacintos acuáticos, de orixe probablemente portuguesa (pola presenza maioritaria de lixo desta orixe mesturado coas plantas), con data 6 de novembro de 2022. Foto: Emilio Martínez Sabarís.



**Foto 4.** Xacinto acuático fotografado o 14 de novembro de 2022 no rego de Trabe, en Vilaboa (concello de Culleredo). Foto: Cosme Damián Romay Cousido.